



INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRE "C") DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO TIPO C NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO.

I. ANTECEDENTES.

En data 28/10/2022, publícase na Plataforma de Contratación do Estado anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións para a contratación polo procedemento aberto da "Subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria, con entrega en domicilio, nos equipamentos dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo" (expte. 26213/332), no que se sinala como remate do prazo de presentación de ofertas o día 14/11/2022.

Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria de Administración Municipal de data 15/11/2022, durante o prazo sinalado no devandito anuncio, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta a través do mesmo.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público, presentaron proposicións para este procedemento os seguintes licitadores:

1. ESERGUI DISTESER S.L.
2. GASÓLEOS AMIGO S.L.

A Mesa de Contratación en data 17/11/2022 acorda admitir neste procedemento aos licitadores que de seguido se relacionan, por teren presentado correctamente a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ESERGUI DISTESER S.L.
2. GASÓLEOS AMIGO S.L.

Acto seguido, procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C (Proposición avaliable mediante fórmula) dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Licitador	% de desconto ofertado sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)
1 ESERGUI DISTESER S.L.	4,5%
2 GASÓLEOS AMIGO S.L.	0,56%

A Mesa de Contratación no mesmo acto, acorda solicitar informe sobre a documentación do sobre C ao Servizo de Educación.

II. AVALIACIÓN DAS OFERTAS.

Antes de proceder a valoración das ofertas económicas, compróbase se algunha das ofertas contén valores anormais ou desproporcionados, en base aos criterios establecidos na cláusula 7.D das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do PCAP, non atopándose ningunha oferta en situación de oferta anormalmente baixa.

A continuación, procédese a valorar as ofertas presentadas conforme aos criterios de valoración recollidos no apartado 7 das FEC, que recolle o seguinte:

"7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

7.A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: NON SE FIXAN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2024 12:54	Páxina 1 de 2
26213-332	CSV: A8A748-BB43DH-84DB8B-AGCU89-8DX7C6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



7.B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

No presente caso, atendendo ao carácter estandarizado da subministración, estímase como único criterio de adxudicación a porcentaxe de desconto ofertada polos licitadores sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR).

Cada licitador ofertará un valor para o Dto. Que é o desconto sobre o prezo PR en % e con dous decimais.

Para a valoración deste criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR)".

Á vista do anterior, procédese a aplicación deste criterio ordenando as ofertas por orde decrecente, en relación á porcentaxe de desconto ofertada polos licitadores sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR):

Licitador	% de desconto ofertado sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)
1 ESERGUI DISTESER S.L.	4,5%
2 GASÓLEOS AMIGO S.L.	0,56%

Vigo, na data da sinatura dixital.

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2024 12:54	Páxina 2 de 2
26213-332	CSV: A8A748-BB43DH-84DB8B-AGCU89-8DX7C6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		